

DECRETO CONVOCATORIA XGL. EXPTE Nº: 2024/G005/000049.

Excm. Sra. D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Alcaldesa Presidenta do Excmo. Concello de Lugo.

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **CONVOCO** sesión da **Xunta de Goberno Local**, que terá lugar no Salón de Comisiones o vindeiro **mércores, día 4 de decembro de 2024, ás 10:00**, de acordo coa seguinte orde do día confeccionada para o efecto:

1. PROPOSTA DE APROBACIÓN DAS ACTAS DAS XUNTAS DE GOBERNO LOCAL ORDINARIAS DO 16, 23, 30 DE OUTUBRO; 6, 13 E 20 DE NOVEMBRO DE 2024.

ÁREA DE GOBERNO DE ALCALDÍA E PLANIFICACIÓN DE CIDADE

LICENZAS URBANÍSTICAS

2. LICENZA URBANÍSTICA PARA REFORMA DE EDIFICACIÓN PARA ALBERGUE E APARTAMENTOS TURÍSTICOS NUN EDIFICIO EXISTENTE DE PLANTA BAIXA, TRES ALTAS E BAIXOCUBERTA, SITO NA RÚA BOLAÑO RIVADENEIRA, NÚMERO 11 (expte 2023/Y001/000055)

ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS

CONTRATACIÓN E PATRIMONIO

3. CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE DOUS FURGÓNS L2H2 PARA A BRIGADA DE VÍAS E OBRAS, exp. ref. 2024-C004-000023. ADXUDICACIÓN.

FACENDA LOCAL

4. RECLAMACIÓNS Á APROBACIÓN INICIAL MODIFICACIÓN ORDENANZA

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refº: ispac4124103843149333546.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 4-12-2024

FISCAL NUMERO 201 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA.

5. RECLAMACIÓNS Á MODIFICACIÓN INICIAL ORDENANZA FISCAL NÚMERO 203 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES.

6. RECLAMACIÓNS Á MODIFICACIÓN INICIAL DA ORDENANZA FISCAL NÚMERO 107 REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE REDE DE SUMIDOIROS, SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS.

7. RECLAMACIÓNS Á MODIFICACIÓN INICIAL ORDENANZA FISCAL NÚMERO 109 REGULADORA DA TAXA POLO SERVIZO MUNICIPAL DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE A DOMICILIO.

MOCIÓNS, COMUNICACIÓNS E PROPOSICIÓNS

ROGOS E PREGUNTAS

O que se comunicará ós membros da Xunta, coa remisión da convocatoria e coa indicación de que, no caso de non poder asistir, deberán comunicarllo á Alcaldía coa antelación suficiente. A documentación dos asuntos incluídos na orde do día atópase a disposición dos membros da Xunta, a partir da data desta convocatoria, no Servizo de Actas e Goberno.

Así mesmo, ó abeiro do disposto no artigo 126.5 da Lei 7/1985, convóquese á sesión ó Vicesecretario accidental, como órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e ó Interventor Xeral Municipal.

Para os efectos da válida constitución da Xunta de Goberno Local, estarase ó disposto no artigo 126 da Lei 7/1985 e 16.4 do Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo. De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, a maioría absoluta dos seus membros, terá lugar en segunda convocatoria, unha hora despois da sinalada para a primeira, sempre que o número de asistentes non sexa inferior a un terzo dos seus compoñentes, que non poderá ser inferior a tres.

Cúmprase.

Asinado dixitalmente pola Alcaldesa-Presidenta,